JOSE LUIS MACEDA VILARIÑO (1 para 1)
Alcalde
Data de Sinatura: 03/11/2026
HASH: 1dd969800d5c5f80327531b1ba1fc0bd

# XVII CONCURSO DE TAPAS DA POBRA DO BROLLÓN

## BASES

**PARTICIPANTES:**

O Concello da Pobra do Brollón organiza o **"XVI Concurso de Tapas da Guimaralia"**.

Poderán concursar todos os establecementos de hostalaría e bares dentro do ámbito local da Pobra do Brollón.

Os locais participantes deberán entregar un documento de conformidade asinado (Anexo 1) asinado nas oficinas municipais aceptando as súas obrigas e compromisos.

Os locais potencialmente participantes son:

- A SALANOVA (Salcedo)
- A VELLA TABERNA
- BAR AVENIDA
- BAR PIRATA
- O FOGÓN

**DATA:** Do **27 de novembro ao 04 de Decembro 2026**, ambos inclusive.

**MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN:**

1. Cada establecemento participará **cunha única tapa**, que puntuará o xurado Popular.
2. O prezo de venta ao público da tapa será de **1,50 €**, sendo obrigado unha consumición de bebida con cada tapa.
3. Considérase tapa de concurso aquela que **non supere os catro bocados**. Dentro desta disposición, a tapa poderá adoptar a forma de pincho (sobre pan), tapa de culler (en cunca e para ser consumida con culler); tapa de prato ou calquera outro formato de consumo que o establecemento poida crear.
4. Haberá unha **cata previa** realizada por profesionais do sector con ánimo de asesorar e perfilar a tapa final. Pese a non ser o obxectivo desta cata, unha tapa concreta poderá ser retirada do concurso se non cumpre as normativas ou se a presentada na cata non se corresponde coa servida durante o concurso.



Cod. Validación: 962GXKHHTTQ27FFSPDTPP7TRR
Corrección: https://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

5. Os establecementos inscritos deberán ter expedido ao público o cartel que se lle facilite co nome da tapa coa que participan. Sempre que o cliente pida a tapa do Concurso será a que ten exposta; o incumprimento deste punto, suporá a descalcificación do mesmo.
6. O **horario mínimo** a seguir é: **12:00 h a 14:00 h e de 19:00 h a 22:00 h**. Neste horario é obrigatorio ter as tapas, despois si se quere pódese ampliar e ten que estar exposto nun lugar visible para ó público.
7. Os locais poderán pechar un día coincidindo co seu día de descanso habitual, ou por causa de forza maior, sendo previamente notificado á organización para poder publicitalo de xeito eficiente.
8. Entregaráselle a cada establecemento un cartel identificativo como participante do concurso, así como a urna de depósito de votos e xunto a ela os cupóns de votacións (onde repartirán un cupón por persoa que consuma a tapa).
9. O incumprimento dalgún dos puntos anteriores supoñerá a eliminación do establecemento do concurso, pasando a ser innecesario o seu selo para entrar no sorteo.

**SELECCIÓN DE FINALISTAS DO XURADO POPULAR:**

**Xurado popular:** Estarán dentro desta categoría todos os consumidores das tapas do Concurso, mediante as súas votacións. Cada cupón de votación terá que ter todos os recadros selados dependendo do número de locais participantes, onde non se pode repetir selo do establecemento no mesmo cupón.

Serán descalificadas as cartolinas que non teñan todos os seus datos ben cubertos e as que non aparezan seladas correctamente.

Os gañadores do XVI Concurso de Tapas da Pobra do Brollón decidiraos o público coa súa puntuación, resultando gañador o establecemento que máis puntos acade, en caso de empate o gañador decidirase mediante sorteo.

Entre os que votaran a tapa gañadora sortearase un agasallo, que consistirá nun ***circuito termal*** no ***Hotel Iberik Augas Santas Balneario&Golf******* de Ferreira de Pantón.

**PREMIOS:**

Primeiro premio: Diploma acreditativo. Segundo premio: Diploma acreditativo. Terceiro premio: Diploma acreditativo.

Cod. Validación: 962GXKHHTTQ27FFSPDTPP7TRR
Corrección: https://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

**ENTREGA DE PREMIOS:**

Os establecementos gañadores, así como o gañador ou gañadora do sorteo, do XVII Concurso de Tapas da Pobra do Brollón daranse a coñecer na Casa da Cultura “Olga Novo” dentro dos actos dos Reis de 2027.

Cod. Validación: 962GXKHHTTQ27FFSPDTPP7TRR
Corrección: https://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3